

A Unión Española de Cooperativas de Ensino (UECoE) celebra o seu XX Congreso Estatal no marco da Capitalidade da Economía Social que ostenta València o 2024.

É por iso que a escola cooperativa reunida neste Congreso quere realizar unha lectura desde a perspectiva do cooperativismo educativo da **Recomendación sobre o desenvolvemento de condicións marco para a Economía Social da Unión Europea** e, consecuentemente, facer público este

MANIFIESTO DA ESCOLA COOPERATIVA



UECV
Unión de Cooperativas d'Ensenyament Valencianes

València Capital Española de la Economía Social 2024



As escolas cooperativas **somos a economía social do espazo educativo.**

Polo feito de ser economía social, os nosos centros educativos caracterízanse por:

- A **primacía nos nosos proxectos das persoas, así como dos fins educativos, sociais e ambientais**, sobre os beneficios.
- A **gobernanza democrática**, tanto na xestión societaria empresarial como na xestión pedagóxica.
- A **reinversión dos beneficios e excedentes para alcadar os nosos fins** e, deste xeito, poder levar a cabo actividades en interese tanto das persoas que forman as nosas comunidades educativas como da sociedade en xeral.

POR ISO, Á VISTA DA RECOMENDACIÓN DA UNIÓN EUROPEA SOBRE O DESENVOLVEMENTO DE CONDICIÓNS MARCO PARA A ECONOMÍA SOCIAL, COMO ESCOLAS COOPERATIVAS.

Asumimos estes **RETOS E RESPONSABILIDADES:**

1. Comprometermos e continuar impulsando **a inclusión educativa e social nas nosas escolas**, dando visibilidade a este compromiso en culturas, políticas e prácticas que promovan a igualdade de xénero e a inclusión dos grupos desfavorecidos e outros infrarrepresentados nas nosas cooperativas e nas nosas aulas.
2. Impulsar a **formación cooperativa e o emprendemento colectivo** nas escolas cooperativas, mediante a incorporación de referencias explícitas ao **modelo de empresa cooperativa e de economía social** nas programacións dos diferentes ámbitos e materias do proxecto educativo dos centros.

3. Fomentar a implicación activa das escolas cooperativas nas nosas comunidades locais, favorecendo e promovendo **accións de desenvolvemento comunitario que fagan posibles procesos de transformación social nas nosas contornas.**

4. Desenvolver e reforzar a identidade das **escolas cooperativas como axentes de innovación social**, identificando aquelas prácticas educativas e sociais dos nosos centros susceptibles de ser catalogados como actividades de innovación social e impulsando novas accións neste campo.

5. Fomentar a **medición do impacto social da acción das escolas cooperativas**, vinculando os procedementos de medida e xestión deste impacto social aos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).**

6. Establecer **vías de colaboración cos ámbitos académicos e de investigación** co fin de aumentar a visibilidade e o recoñecemento do cooperativismo educativo.

Reclamamos estas **DEMANDAS E REIVINDICACIÓNS:**

1. Elaborar unha normativa que favoreza as **transformacións de centros educativos de titularidade privada en cooperativas educativas**, así como ofrecer apoio financeiro específico e desenvolvemento de capacidades para facilitar a transmisión de empresas a persoas traballadoras a través de cooperativas educativas, proporcionando servizos de acompañamento neste proceso.
2. Incorporar a proposta pedagóxica das **cooperativas escolares** en todos os niveis de educación regrada e incluír referencias explícitas ao **modelo de empresa cooperativa e de economía social** no desenvolvemento da normativa curricular das diferentes etapas educativas.
3. Fomentar no sistema educativo un asesoramento e unha orientación específicos, baseados nos principios da Educación para o Desenvolvemento Sostible, co fin de lograr a **capacitación do alumnado para emprender unha carreira profesional na economía social.**
4. Recoñecer por parte das Administracións públicas os **principios fundamentais, as características e o alcance do labor das escolas cooperativas** como principal manifestación da economía social no ámbito educativo. Consecuentemente, considerar ás cooperativas educativas nas accións de sensibilización e nas campañas de fomento da economía social que impulsen as Administracións.
5. Reforzar os **mecanismos e as vías de diálogo entre as Administracións públicas e as organizacións representativas do cooperativismo educativo**, a partir do recoñecemento destas como redes representativas e interlocutoras válidas da economía social do espazo educativo.

A **participación do cooperativismo no diálogo social** é clave para a elaboración de mellores políticas sociais e laborais, e tamén debe trasladarse ao mundo da educación. Iso implica asegurar a participación de dereito das entidades representativas do cooperativismo educativo nos **Consello Escolares** dos diferentes niveis territoriais, así como en todos **aqueles espazos e órganos de participación impulsados polas Administracións para o deseño das políticas educativas, incluídos os vinculados á Formación Profesional.**

6. Concretar **medidas de apoio e configurar contornas financeiras, administrativas e xurídicas favorables** que teñan en conta as características propias das cooperativas educativas, como por exemplo:

- A **preferencia explícita das cooperativas educativas** nos procedementos de **acceso ao concerto educativo.**
- A concreción e desenvolvemento do **financiamento dos gastos de investimento relativos a instalacións e equipamentos escolares** en cooperativas educativas.
- A consideración de **cláusulas que recollan o feito de ser empresas que funcionen en réxime de cooperativa** entre os criterios innovadores, ecolóxicos e sociais das **adxudicacións de servizos educativos** mediante concurso público.
- A aplicación e adaptación ás cooperativas educativas de todos aqueles **incentivos fiscais e reducións da carga fiscal** que se implementen para o conxunto da economía social.



València, outubro de 2024.

Construíndo unha Economía Social educativa e transformadora